

## Oficina de Fomento Cooperativo da Comarca de Ordes

Rúa Xoxardo, s/n  
15680 Ordes

A oficina de Fomento Cooperativo da Comarca de Ordes ven de iniciar a súa andadura, grazas ao apoio da Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar, a través da Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social, e ao financiamento do Fondo Social Europeo.

A súa actividade encadrase na Rede Eusumo, e dará servizo e apoio ás iniciativas de fomento cooperativo e á economía social no ámbito territorial dos concellos de Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia e Trazo.

Para dar a coñecer a Oficina de Fomento Cooperativo, os seus obxectivos e actividades, ademais de presentar as potencialidades do cooperativismo como creador de emprego, a Mancomunidade de Ordes convida a xornada sobre cooperativismo que se celebrará o **día 30 de xaneiro de 2013 no Auditorio da Casa da Cultura de Ordes.**

Ademais poderá visitar a exposición itinerante **“DESCUBRE AS COOPERATIVAS”** a partir do día 29 de xaneiro ata o 3 de febreiro de 2013, no Museo do Traxe Juanjo Linares de Ordes, que a Consellería de Traballo e Benestar pon a súa disposición como mecanismo de difusión e promoción do cooperativismo.

A Xornada sobre Cooperativismo ten carácter gratuito. Está dirixida a persoas desempregadas, emprendedoras, institucións públicas e privadas e calquera persoa interesada en xeral.

Prazo de inscrición: **ata o 29 de xaneiro de 2013.**

Entregarase un **diploma de asistencia.**

Pódese inscribir chamando ao teléfono **981 680 002** ou a través do enderezo electrónico: [manuel.pena@ordes.dicoruna.es](mailto:manuel.pena@ordes.dicoruna.es)

Máis información en:

<http://www.mancomunidadeordes.org/servicios.html>

<http://www.cooperativasdegalicia.com>

<http://www.esumo.coop>



**As cooperativas, unha opción  
de EMPREDEMENTO**

**Ordes, 30 de Xaneiro de 2013**  
Auditorio da Casa da Cultura de Ordes



UNIÓN EUROPEA  
Fondo Social Europeo  
“O FSE inviste no teu futuro”



**XUNTA  
DE GALICIA**



## A COOPERATIVA

Unha cooperativa de traballo asociado é unha agrupación de persoas que desexan desenvolver de xeito conxunto, unha actividade empresarial que lles garanta un posto de traballo estable. As cooperativas son as únicas fórmulas empresariais que están a crear emprego neste contexto de crise.

## A empresa das persoas

Trátase polo tanto dunha empresa onde as persoas asumen de xeito conxunto e coparticipado a posta en marcha dun proxecto empresarial. Nas cooperativas cada persoa é un voto con independencia do capital aportado. Son, polo tanto, as persoas as que se autoxestionan para acadar os seus obxectivos económicos e laborais.

## REQUISITOS MINIMOS

Para constituír unha cooperativa precísanse 3 persoas interesadas e un capital mínimo de 3.005,06 euros, unha idea empresarial viable e un proxecto compartido por tódalas persoas socias.

## Programa da Xornada

- 09.30 Acreditación e benvida
- 10.00 Inauguración oficial da xornada  
*Odilo Martiña Rodríguez, Director Xeral de Traballo e Economía Social.*  
*Manuel Regos Boquete, Presidente da Mancomunidade de Ordes.*
- 10.15 Relatorio: “ Cooperativismo e a economía social: A importancia das persoas”  
*Xoán Miguel Concheiro Abal, Subdirector Xeral de Cooperativas e Economía Social.*
- 10.45 Relatorio “ O cooperativismo agrario en Galicia e na comarca de Ordes”  
*Ruth Rodríguez Ferreiros, técnica de Agaca*
- 11.15 Relatorio “ Cooperativas de traballo asociado: outra forma de emprender”  
*Rosa Álvarez Bernárdez, técnica de Ugacota*
- 12.45 Descanso
- 12.15 Mesa de experiencias cooperativas:  
- Nova Aseconia, S.Coop. Galega  
- Xesforestá, S.Coop. Galega  
- Monte Cabalar, S. Coop. Galega
- 14.00 Degustación de produtos cooperativos e remate da xornada